



Área de Xustiza Social e Coidados
Servizo de Educación

📁 236/2016/82 📄 23610I00QV

BASES DO PROGRAMA EDUCATIVO MUNICIPAL “*IDIOMAS DO MUNDO*” 2017

OBXECTO

1. O Concello da Coruña, por medio da Concellaría de Xustiza Social e Coidados, convoca o programa educativo “*Idiomas do Mundo*”, no que se ofrece a oportunidade ao alumnado de **4º da ESO e 1º de Bacharelato**, de realizar unha actividade de inmersión lingüística no **verán de 2017**, co obxectivo de avanzar no dominio dalgunha das linguas europeas máis faladas no mundo (**inglés, portugués, francés e alemán**) e poder acreditar de xeito oficial o nivel acadado consonte o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL). O programa, ademais, permitirá a alumnado a súa participación nunha acción intercultural por medio do achegamento a outra cultura de Europa. Asemade, constitúe o obxectivo do programa a educación dos participantes no respecto á diversidade e á igualdade, así como permitirlles avanzar no seu desenvolvemento persoal.

1

XUSTIFICACIÓN

2. O Concello ven desenvolvendo desde hai máis dunha década accións para a realización de estudos e estadias no estranxeiro do alumnado da cidade. Considérase estratéxico facilitar a formación dunha cidadanía con dominio dos idiomas europeos máis falados do mundo (inglés, portugués, francés e alemán, xunto co castelán) así como a súa educación na interculturalidade e no respecto á diversidade e á igualdade das persoas.

3. O **inglés** é a terceira lingua máis falada no mundo (como lingua materna) e a segunda de se considerar as persoas que a teñen como primeira e segunda lingua. Constitúe unha verdadeira lingua franca e o seu coñecemento resulta esencial para o alumnado de cara ao seu futuro persoal e laboral.

4. O **portugués**, pola súa banda, é a sexta lingua máis falada do mundo (como lingua materna) e presenta unha enorme potencialidade derivada, principalmente, da importancia que están a adquirir algúns dos países que integran a área da lusofonía, nomeadamente o Brasil, que é unha das principais potencias emerxentes. Para os galegos, ademais, é unha lingua especialmente próxima, intercomprensíbel, circunstancia que, tal e como se indica na *Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía*, constitúe unha das nosas potencialidades. Neste sentido, e tal e como se indica na citada norma, “é preciso fomentar o ensino e a aprendizaxe do portugués, co obxectivo, entre outros, de que empresas e institucións aproveiten a nosa vantaxe lingüística, un valor que evidencia a importancia mundial do idioma oficial dun país veciño, tendo en conta



Área de Xustiza Social e Coidados Servizo de Educación

📁 236/2016/82 📄 23610I00QV

tamén o crecente papel de bloques como a Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa”. A promoción do ensino-aprendizaxe do portugués constitúe, precisamente, unha das obrigas que establece para os poderes públicos galegos a indicada lei.

5. En canto ao **francés**, é tamén unha das linguas máis faladas do mundo (a novena) e con maior presenza no contexto internacional, por ser lingua oficial e de traballo das principais organizacións internacionais. Ademais, é impartida dentro do sistema educativo galego, principalmente como segunda lingua estranxeira.

6. Por último, o **alemán** é o idioma máis falado no seo da Unión Europea e tamén, como os anteriores, dos máis falados do mundo (o décimo segundo). Ademais é o terceiro idioma máis estudado no mundo como lingua estranxeira.

2

DESCRICIÓN

7. A estancia nos países de destino será de **catro semanas** dentro das vacacións de verán¹ do curso 2016/2017.

8. Os países de destino serán: **Irlanda/Reino Unido, Portugal, Francia e Alemaña/Austria**².

9. O programa oferta **80 bolsas**. Distribúense do seguinte xeito³:

a. Inglés (Irlanda/Reino Unido)	45 prazas
b. Portugués (Portugal)	15 prazas
c. Francés (Francia)	15 prazas
d. Alemán (Alemaña/Austria)	5 prazas

No caso de que non haxa solicitudes abondo de alumnado para algún dos idiomas ofertados, a adxudicataria e o concello poderán acordar a asignación das prazas non cubertas a outro ou outros idiomas nos que exista listaxe de agarda.

10. A xestión dos servizos que compoñen este programa realízalos de forma indirecta o Concello, mediante contrato de prestación de servizos coa empresa xestora do contrato.

11. O programa inclúe as seguintes **prestacións**:

- Cando menos, **unha xornada informativa**, de preparación específica, para o alumnado participante no programa.
- Manual do Estudante**.
- Viaxe e desprazamentos de ida e volta** dende A Coruña até o destino asignado a cada alumna/o participante. No seu caso, incluírase no prezo do billete a

¹ De preferencia o mes de xullo.

² Destinos condicionados á oferta da empresa adxudicataria do contrato de xestión do programa.

³ A distribución das prazas poderá variar en función da oferta da empresa adxudicataria do contrato de xestión do programa.



Área de Xustiza Social e Coidados Servizo de Educación

📁 236/2016/82 📄 23610I00QV

facturación dunha maleta. Nestas viaxes, o alumnado estará acompañado por monitoras/es.

- d) **Estancia** no país de destino durante o período correspondente á estadía, vivindo **en familia en réxime de pensión completa**. O domicilio da familia non poderá estar a unha distancia (medida en tempo de desprazamento) superior a 50 minutos en transporte público ao respecto do centro de estudos. No caso de que o domicilio estea situado a máis de 2 quilómetros do centro de estudos, facilitarase opción de transporte público entre o domicilio e o centro de estudos, sen custe para a/o participante.
- e) **Clases intensivas do idioma** correspondente no país de destino (acordes ao nivel previo da/o alumna/o); un mínimo de 15 horas semanais entre luns e venres, agás festivos. O profesorado será nativo ou terá acreditado un nivel C2 do MCERL. O máximo de alumnas/os por grupo será de 15.
- f) **Material escolar** para as clases.
- g) **Actividades culturais e lúdicas**: un mínimo de dúas semanais.
- h) **Seguimento e control, por persoal especializado**, da vida da/o alumna/o na familia de acollida, do seu comportamento e rendemento académico no centro, así como da súa vida social.
- i) Realización de **proba oficial acreditativa do nivel acadado** consonte o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL).
- j) **Seguro de responsabilidade civil** para as/os participantes, cun importe global de 45 000,00 €.

12. O alumnado seleccionado poderá ser beneficiario dunha bolsa total ou parcial en función das circunstancias económicas familiares.

13. **Bolsa total**. Serán beneficiarias/os de bolsa total as/os participantes seleccionadas/os que non superen os **9 000,00 € anuais de renda per cápita**. O cálculo da renda efectuarase consonte se establece nas presentes bases.

14. **Bolsa parcial**. O Concello asumirá un máximo do 95% e un mínimo do 5% do custo total das prazas do alumnado seleccionado que supere os **9 000,00 € anuais per cápita**. As familias do alumnado beneficiario de bolsa parcial asumirán un mínimo do 5% e un máximo dun 95% do prezo da praza. As porcentaxes que corresponde aboar ás familias variarán en función da renda per cápita e son as que se indican no seguinte cadro:

Renda per cápita anual	Achega das familias ⁴
9 000,01 € – 10 000,00 €	5 %
10 000,01 € – 11 000,00 €	10 %
11 000,01 € – 12 000,00 €	20 %
12 000,01 € – 13 000,00 €	30 %

⁴ O custe máximo da praza é de 2 400,00 €. Poderá ser inferior en función da oferta da adjudicataria. Así, unha familia cunha renda per cápita de entre 10 000,01 € e 11 000,00 € abonará, como máximo, 240,00 €.



Área de Xustiza Social e Coidados Servizo de Educación

📁 236/2016/82 📄 23610I00QV

13 000,01 € – 14 000,00 €	40 %
14 000,01 € – 15 000,00 €	50 %
15 000,01 € – 16 000,00 €	60 %
16 000,01 € – 17 000,00 €	70 %
17 000,01 € – 18 000,00 €	80 %
18 000,01 € – 19 000,00 €	90 %
> 19 000,00 €	95 %

15. O alumnado seleccionado estará obrigado a participar en cantas reunións sexan convocadas polo SME, así como a facer efectivo, no seu caso, a porcentaxe que lle corresponda do custo da súa participación no programa nos prazos establecidos polo SME, que serán publicados na web educativa municipal (www.edu.coruna.es).

16. O alumnado afectado por algunha discapacidade poderá participar no programa cando o fogar de acollida sexa axeitado ás súas necesidades específicas.

17. A selección do alumnado participante realizarase en réxime de concorrencia competitiva. Esta selección realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade e non discriminación aplicando os criterios de valoración fixados nestas bases.

18. O procedemento para a selección do alumnado iníciase de oficio, mediante a correspondente convocatoria aprobada polo órgano competente do Concello que se publica na páxina web municipal (www.edu.coruna.es). **A través da citada páxina o SME realizará as comunicacións aos/ás participantes, sendo responsabilidade destes/as a consulta da mesma para obter a información relativa a listados, prazos, convocatorias de xuntanzas e outras cuestións relacionadas co programa.**

REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

19. **Residir no Concello da Coruña** xunto co seu pai e/ou nai ou representante legal⁵, dende o **1 de setembro de 2016**. Tamén serán aceptadas residencias posteriores a esa data e anteriores ao final do prazo de presentación de solicitudes nos casos en que se acredite traslado de domicilio e centro educativo motivado por cambio de localidade de residencia ao Concello da Coruña.

A persoa solicitante deberá autorizar ao Concello da Coruña, marcando a casa que aparece na ficha de solicitude, para que consulte os datos do Padrón municipal.

20. Estar matriculada/o e cursando **4º da ESO** ou **1º de Bacharelato**.

21. Obter no curso anterior, **3º ou 4º da ESO** (segundo corresponda), unha cualificación media **de 6 ou mais puntos** e, no seu caso, non ter materia ningunha pendente.

⁵ O termo "representante legal", para estes efectos, resulta aplicable exclusivamente aos supostos en que a representación legal do menor non sexa ostentada polos pais, senón por unha persoa distinta.



Área de Xustiza Social e Coidados Servizo de Educación

📁 236/2016/82 📄 23610I00QV

22. Obter no curso anterior, **3º ou 4º da ESO** (segundo o caso), unha cualificación de **6 ou máis puntos** na/s materia de **lingua/s estranxeira/s** (inglés/portugués/francés/alemán) pola/s que se queira optar e **estar a cursala/s no curso 2016/2017**. No caso de estar a cursar algún destes idiomas na Escola Oficial de Idiomas poderase alegar a cualificación obtida nela. Para o caso de portugués, de non se estar a cursar esta materia, a cualificación a valorar será a correspondente á materia de lingua galega e literatura.

BAREMACIÓN

23. **Características persoais da/o estudante.** Este criterio será valorado coa información que achegue o documento que figura como anexo I, que será cuberto polo centro educativo no que estea a cursar 4º da ESO ou 1º de Bacharelato. Este requisito será valorado cun máximo de **5 puntos**. **De non se acadar unha cualificación mínima de 3 puntos non se continuará no proceso.**

24. **Cualificación media obtida no curso anterior** (3º ou 4º da ESO, segundo o caso), até un máximo de **5 puntos**. Estes puntos asignaranse do seguinte xeito:

Nota media	Puntuación
10	5,00
De 9,50 a 9,99	4,50
De 9,00 a 9,49	4,00
De 8,50 a 8,99	3,00
De 8,00 a 8,49	2,00
De 7,50 a 7,99	1,50
De 7,00 a 7,49	1,00
De 6,50 a 6,99	0,50

25. **Cualificación final da materia de lingua estranxeira** (inglés/francés/portugués/alemán) no curso anterior (3º ou 4º da ESO, segundo o caso) ou, no seu caso de lingua galega e literatura, até un máximo de **3 puntos**. No caso de estar a cursar algún destes idiomas na Escola Oficial de Idiomas poderase alegar a cualificación obtida nela⁶.

Nota	Puntuación
10	3,00
9	2,00
8	1,00
7	0,5

⁶ A puntuación correspondente a este apartado asignarase para a listaxe correspondente á lingua ou linguas solicitadas. Para o caso de portugués, de non se cursar esta lingua, a nota a considerar será a correspondente a lingua galega e literatura.



Área de Xustiza Social e Coidados Servizo de Educación

📁 236/2016/82 📄 23610I00QV

26. **Ingresos económicos familiares** até un máximo de **10 puntos**. A puntuación a asignar será a que figura na táboa que se indica de seguido:

Renda per cápita anual	Puntuación	Renda per cápita anual	Puntuación
< 2 000,00 €	10,00	5 500,01 € - 6 000,00 €	6,00
2 000,01 € - 2 500,00 €	9,50	6 000,01 € - 6 500,00 €	5,50
2 500,01 € - 3 000,00 €	9,00	6 500,01 € - 7 000,00 €	5,00
3 000,01 € - 3 500,00 €	8,50	7 000,01 € - 8 000,00 €	4,00
3 500,01 € - 4 000,00 €	8,00	8 000,01 € - 9 000,00 €	3,00
4 000,01 € - 4 500,00 €	7,50	9 000,01 € - 11 000,00 €	2,00
4 500,01 € - 5 000,00 €	7,00	11 000,01 € - 15 000,00 €	1,00
5 000,01 € - 5 500,00 €	6,50	>15 000,00 €	0,00

6

26.1. Cálculo da renda per cápita familiar

A renda familiar, para os efectos de bolsa, obtérase por agregación das rendas de cada un dos membros computábeis da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, calculadas segundo se indica nos apartados seguintes e de conformidade coa normativa reguladora do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF). Computarase o exercicio 2015.

26.2. Para a determinación da renda dos membros computábeis que presentasen declaración polo IRPF, procederase do modo seguinte:

- Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro, excluindo todos os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais correspondentes a exercicios anteriores a 2014 e o saldo neto negativo de rendementos do capital mobiliario de 2011 a 2014 a integrar na base imponible do aforro.
- Deste resultado restarase a cota resultante da autoliquidación.
- Para a determinación da renda dos demais membros computábeis que obteñan ingresos propios e non presentaran declaración de IRPF seguirase o procedemento descrito na letra a) anterior e do resultado obtido restaranse os pagamentos a conta efectuados.
- No caso de se ter estabelecida **pensión de alimentos** en favor de fillos integrantes da unidade familiar, computarase o importe establecido xudicialmente, coas actualizacións que correspondan. **No caso incumprimento total ou parcial, tomarase en consideración a contía da pensión efectivamente percibida.** Para tal efecto será preciso acreditamento da reclamación xudicial (demanda de execución ou denuncia) derivada do incumprimento.
- A renda familiar determinada segundo os números anteriores dividirase entre o número de integrantes da unidade familiar. No caso de que exista discrepancia entre a documentación da que se dispoña para a determinación do número de integrantes da unidade familiar o SME poderá solicitar, se o considera necesario, as aclaracións ou



Área de Xustiza Social e Coidados Servizo de Educación

📁 236/2016/82 📄 23610I00QV

documentación adicional e establecerá o número de membros que corresponda asignar.

- f. A falta ou defecto de acreditación das circunstancias económicas familiares non implicará a exclusión do proceso, pero se asignarán 0 puntos neste apartado.

27. **Discapacidade** do participante, pai, nai ou irmá/n ou calquera outro membro que integre a unidade familiar, igual ou superior ao 33%:

Discapacidade	Puntuación
Participante	2,00
Outro membro	1,00

7

28. As persoas que foron **beneficiarias con anterioridade** dunha bolsa para a participación neste programa **só serán baremadas no caso de quedaren prazas sen cubrir**, despois de facer o ofrecemento previsto na base 43.

29. Unicamente se valorarán documentos oficiais das entidades públicas e privadas correspondentes, asinados polas persoas responsábeis das certificacións que se esixen e, no seu caso, as declaracións responsábeis que se soliciten. Poderase requirir ás persoas participantes para que acheguen documentación adicional co obxecto de acreditar os méritos ou o cumprimento dos requisitos previstos nesta convocatoria.

30. Serán seleccionadas/os as/os participantes que obteñan maior puntuación coa suma das obtidas nos distintos apartados do baremo. No caso de que algún/ha participante obteña unha puntuación que lle permita ser seleccionada/o en máis dun idioma, será adxudicada/o no que figure máis arriba na orde de preferencia que figure na súa solicitude.

INSCRICIÓN

31. O **prazo de presentación** de solicitudes e documentación é do **10 ao 28 de abril de 2017**.

32. O alumnado que queira participar no programa deberá se inscribir en liña na web municipal **www.edu.coruna.es** a través da ficha específica indicando, ordenados por preferencia, os idiomas para os que solicita a súa participación. Non poderá se incluír o mesmo idioma en distintos niveis de preferencia.

33. Unha vez feita a inscrición o sistema elaborará un xustificante de confirmación que deberá imprimir a persoa solicitante. Este xustificante terá un **número de asignación** que será o de referencia de cada expediente no proceso.

34. **A ficha de solicitude**, asinada pola/o participante e a persoa ou persoas que teñen a patria potestade ou tutela sobre a/o participante, **e a documentación do**



Área de Xustiza Social e Coidados Servizo de Educación

📁 236/2016/82 📄 23610I00QV

expediente, **deberá presentarse nos rexistros municipais⁷, figurando como solicitante a/o alumna/o.**

DOCUMENTACIÓN

35. A documentación presentarase nun **sobre pechado** no que se fará constar no anverso o nome e apelidos da/o alumna/o solicitante e o seu enderezo. Dentro del incluírase o seguinte:

- a. Fotocopia do **documento oficial de identidade** (carné de identidade, pasaporte...) da/o **solicitante** e **das/os nais/pais ou representantes legais**.
- b. **Resguardo da ficha de solicitude** que se cubriu en liña. Debe de estar **asinado** pola/o **participante** e a **persoa ou persoas que teñan a patria potestade ou tutela** sobre a/o participante.
- c. **Certificado das cualificacións correspondentes ao curso anterior** (3º ou 4º da ESO).
- d. Certificado de estar a cursar en 4º da ESO ou 1º de Bacharelato a/s lingua/s estranxeira/s as que se opta, agás no caso de portugués. O certificado poderá substituírse por **copia compulsada do boletín de cualificacións de 4º da ESO ou 1º de Bacharelato**. De se estar matriculado na Escola Oficial de Idiomas, certificación do centro ou copia compulsada do boletín de cualificacións.
- e. **Anexo I** cuberto polo centro educativo segundo as indicacións e coas sinaturas e selo correspondentes.
- f. Se for o caso, **certificado** expedido pola Xunta de Galicia ou organismo oficial competente na materia, acreditativo do **grao de minusvalía** da/o alumna/o e/ou doutra/o integrante da unidade familiar.
- g. **No caso de non se autorizar a consulta de datos na Axencia Tributaria** (marcando a casa correspondente que figura na ficha de inscrición), **certificacións expedidas pola Axencia Tributaria das declaracións de IRPF** individuais de ambos proxenitores ou conxunta, correspondentes ao exercicio 2015, emitidas e datadas no mes de outubro, ou posterior, de 2016. As persoas que forman parte de unidades familiares **non obrigadas a declarar** ou das que as administracións tributarias non dispoñen de datos, deberán entregar unha **certificación expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria acreditativa** desta situación.

⁷ Sen prexuízo do previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



Área de Xustiza Social e Coidados Servizo de Educación

📁 236/2016/82 📄 23610I00QV

- h. A condición de **familia monoparental** acreditarase mediante **fotocopia compulsada do libro de familia** e, no seu caso, **resolución xudicial de separación, divorcio, nulidade ou adopción de medidas paterno-filiais**, onde figure a contía da pensión de alimentos establecida en favor dos menores integrantes da unidade familiar.

Para estes efectos considerase “familia monoparental” a formada por nai ou pai solteira/o, ou por nai ou pai en situación de separación legal, divorcio, nulidade matrimonial ou viuvez. Non se considerará familia monoparental aquela na que se teña acordada custodia compartida nin tampouco as parellas de feito.

- i. Cando se teña acordada **pensión de alimentos ou exista dereito a ela**, deberá achegarse, xunto coa resolución xudicial máis recente que a estableza, unha declaración responsábel (anexo II) da/o proxenitor/a que teña a garda e custodia indicando a contía percibida por tal concepto no ano 2015.

No caso de que exista **incumprimento total ou parcial** do abono da pensión **deberá xuntarse copia da admisión a trámite da demanda de execución ou da denuncia** presentada. De non se achegar, computarase o importe establecido coas actualizacións anuais que correspondan.

Nos casos en que, existindo dereito a solicitar pensión de alimentos, non se acredite a súa solicitude ou a contía da mesma, non se obterán puntos no apartado de ingresos económicos familiares.

36. Con posterioridade ao prazo de presentación de solicitudes non se admitirá a alegación de documentación baremábel, sen prexuízo dos posíbeis requirimentos de aclaración que poida efectuar a comisión de valoración.

37. O Concello resérvase o dereito a realizar as comprobacións oportunas sobre a documentación presentada, e a/o interesada/o está obrigada/o a facilitar canta información e documentación lle sexa requirida polo SME para acreditar a veracidade dos datos alegados. O requirimento efectuarase, de ser preciso, por medio de correo electrónico á conta facilitada na ficha de inscrición.

Coa presentación da solicitude de participación autorízase ao SME para solicitar das institucións emisoras da documentación presentada as aclaracións oportunas ao respecto do contido do documento e, no seu caso, da súa autenticidade. Esta autorización cínquese á información estritamente precisa para a participación neste programa educativo municipal.

COMISIÓN DE VALORACIÓN

38. A comisión de valoración do programa estará presidida pola Concelleira de Xustiza Social e Coidados e composta polas seguintes vogais: a Xefatura de Servizo de Educación e a Xefatura do Departamento de Educación. Actuará como secretario/a un/ha funcionario/a do Servizo de Educación, con voz e sen voto.

Área de Xustiza Social e Coidados Servizo de Educación

📁 236/2016/82 📄 23610I00QV

39. A comisión de valoración dirimirá os posibles empates, aplicando os seguintes criterios, pola orde na que figuran:

- a. Menor renda per cápita familiar
- b. Cualificación media do curso anterior (3º ou 4º da ESO)
- c. Cualificación final do idioma correspondente no curso anterior (3º ou 4º da ESO)
- d. Situación de discapacidade da/o alumna/o
- e. Maior puntuación no criterio das características persoais (anexo I)
- f. Sorteio público

10

PUBLICACIÓN DE LISTAXES

40. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes publicarase unha listaxe cos **números de asignación** correspondentes ás peticións recibidas.

41. As **listaxes provisionais** (unha por idioma) publicaranse na páxina web www.edu.coruna.es. A adxudicación de prazas realizarase por orde de puntuación en función do idioma de preferencia que figure na solicitude de inscrición. Aquelas/es participantes que por número de orde lles correspondería ser seleccionadas/os en máis dunha lista só figurarán naquela correspondente ao idioma que figure antes na orde de preferencia indicada na súa ficha de solicitude.

42. No caso de que sexa adxudicado o programa a unha empresa que non oferte destinos para os catro idiomas, non se elaborarán listados para o/os idiomas que non contén con destinos. Neste suposto, nas solicitudes presentadas tomaranse en consideración as peticións formuladas para os idiomas que efectivamente se oferten.

43. No caso de que algún idioma quede con prazas vacantes e sen listaxe de agarda, estas poderán ser ofertadas ás persoas integrantes doutras listaxes de agarda, por orde de puntuación, sempre que cumpran os requisitos para ese idioma.

44. Fronte ás listaxes provisionais abrirase un prazo de **10 días hábiles⁸**, contados a partir do día seguinte ao da devandita publicación, co fin de que as/os interesadas/os aleguen o que estimen oportuno en defensa dos seus dereitos, emenden as faltas ou acompañen os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixeren, teráselles (no caso de que corresponda) por desistidas/os da súa petición.

45. A proposta de resolución definitiva recollerá, se procede, as alegacións presentadas. Non se realizarán comunicacións individuais fronte ás mesmas. A proposta emitirase pola Xefatura de Servizo de Educación e incluirá as seguintes **relacións definitivas**, unha para cada idioma:

⁸ Son días inhábiles os sábados, domingos e festivos. Cando un prazo remate en día inhábil entenderase prorrogado a inmediato hábil posterior (artigo 30 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



Área de Xustiza Social e Coidados Servizo de Educación

📁 236/2016/82 📄 23610I00QV

- a. Alumnado seleccionado (tantos como prazas se oferten no programa), sinalando ás/aos que se lle concedese bolsa total e a contía do custe da praza que lles corresponda aboar ás/aos restantes seleccionadas/os.
- b. Alumnado que, cumprindo os requisitos, non acade o número de orde que lle permita participar no programa por exceder do número de prazas correspondentes a cada idioma, que constituirán as listaxes de agarda. As/os solicitantes seleccionadas/os nalgunha das listas non figurarán, se é o caso, nas listaxes de agarda das outras. As/os non seleccionadas/os poderán figurar en máis dunha.
- c. Alumnado que non cumpre os requisitos para participar no programa, con expresión sucinta da causa da súa exclusión.

46. A proposta de resolución definitiva elevarase ao órgano competente que resolverá o procedemento de forma motivada.

47. As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito ningún a favor das persoas candidatas propostas fronte á Administración municipal até que non se publique a resolución definitiva.

48. Unha vez publicada a **resolución definitiva**, as/os **seleccionadas/os** disporán dun prazo de **5 días naturais**⁹ para a súa aceptación, **que deberá ser comunicada por escrito ao SME** a través dos **rexistros municipais**¹⁰. Transcorrido dito prazo sen que se produza tal comunicación entenderase que renuncia á súa participación no programa. De se presentar a comunicación por medio dalgún rexistro non municipal aconséllase que se remita copia escaneada da mesma (co selo de rexistro de entrada) por correo electrónico ao SME (educacion@coruna.es).

49. O alumnado seleccionado que desexe causar baixa no programa deberá presentar un escrito de renuncia dirixido ao SME. A devolución da cota que, no seu caso se tivese aboado, realizarase unicamente cando existan razóns xustificadas e sobrevidas (enfermidade, accidente...).

50. As persoas participantes incluídas nas listaxes de agarda substituirán, por orde de puntuación, ás seleccionadas que renuncien á súa participación no programa. A comunicación da existencia de prazas realizarase por medio de correo electrónico remitido á conta de correo que figure na ficha de inscrición.

51. A resolución definitiva esgota a vía administrativa e contra ela poderase interpor recurso potestativo de reposición diante do órgano que resolveu, no prazo dun mes, do xeito e nas condicións que determina a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ser impugnada directamente diante da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous

⁹ Son días naturais todos os do ano. Cando un prazo remate en día inhábil entenderase prorrogado ao inmediato hábil posterior (artigo 30 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

¹⁰ Sen prexuízo do previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



Área de Xustiza Social e Coidados Servizo de Educación

📁 236/2016/82 📄 23610I00QV

meses contados a partir do día seguinte ao de publicación da resolución, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

OBRIGAS DAS PERSOAS SELECCIONADAS E CAUSAS DE BAIXA

52. As persoas seleccionadas terán as seguintes **obrigas**:

- a. A participaren en cantas xuntanzas sexan convocadas polo SME.
- b. A presentaren toda a documentación que lle solicite o SME, en forma e prazo.
- c. A facer efectivo, no seu caso, a porcentaxe que lle corresponda do custo da súa participación no programa nos prazos establecidos polo SME, que serán publicados na web educativa municipal (www.edu.coruna.es).
- d. A asinar, xunto coas/cos súas/seu representantes legais, o código de conduta que se estableza para a realización do programa.
- e. A comportarse dun xeito correcto en todas as accións relacionadas co programa, en especial no que atinxe os costume, cultura e modo de vida do país de destino.
- f. A manter una actitude proactiva de cara á consecución dos obxectivos do programa.
- g. A realizaren a proba final do idioma correspondente, cara a poder acreditar de xeito oficial o nivel acadado consonte MCERL.

53. Causarán **baixa no programa** as/os participantes que incumpran as obrigas establecidas nestas bases, entre elas:

- a. O non pagamento do custo fixado nos prazos establecidos polo SME.
- b. A falsidade da documentación ou condicións requiridas para a concesión da participación no programa ou a ocultación daquelas que tivesen impedido esta concesión, sen prexuízo das responsabilidades legais nas que se puidesen incurrir.
- c. A incompatibilidade ou inadaptación para permanecer no programa.
- d. A falta de asistencia ás actividades escolares así como ás culturais e lúdicas que sexan obrigatorias.
- e. A falta de aproveitamento do programa e/ou o mal comportamento, previa audiencia aos representantes legais do participante.
- f. A aceptación por parte do SME da proposta razoada de baixa cursada pola contratista do Concello que presta o servizo de xestión do programa.

54. As baixas no programa acordaranse por resolución do órgano municipal competente e notificaranse aos responsábeis legais da persoa interesada de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de seren beneficiaria/o dunha bolsa parcial, non existirá dereito a devolución de cota abonada.



Área de Xustiza Social e Coidados Servizo de Educación

📁 236/2016/82 📄 23610I00QV

55. No caso de que un/unha participante decidise pola súa libre iniciativa deixar o programa antes da súa finalización, considerarase un abandono, polo que o custo íntegro da viaxe de regreso será responsabilidade da súa familia. No caso de seren beneficiaria/o dunha bolsa parcial, non existirá dereito a devolución de cota abonada.

56. No caso de deixar o programa de forma anticipada por unha causa xustificada (acreditando o motivo), non sería considerado abandono e o contratista fará todo o posíbel para axudar cos trámites de regreso. Dependendo do motivo do regreso anticipado, os custes da viaxe de regreso poderían correr por conta da familia do/da participante ou da compañía aseguradora.

57. En todo caso, as/os participantes que deixaren o programa antes da súa finalización, ten que ter obtido autorización do SME e apoio do contratista, que deberá prestarlle o apoio necesario para garantir a súa seguridade durante a viaxe de regreso.

13

PROTECCIÓN DE DATOS

58. Os datos rexistrados polos participantes no programa educativo, serán recollidos e tratados conforme á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e empregaranse exclusivamente para a xestión do programa. Á empresa adxudicataria do contrato de xestión do programa comunicaránselle os datos precisos para a correcta realización dos cometidos asignados no contrato.

59. De acordo coa mencionada norma, as persoas participantes ou os/as seus/súas representantes legais poderán exercer o seu dereito de oposición, acceso, rectificación e cancelación nos termos previstos na lei. Os datos serán custodiados polo Concello con acceso por parte da empresa xestora do contrato.

INDICACIÓNS FINAIS

60. A presentación da solicitudes implica a aceptación das bases da convocatoria.

61. A realización do programa está supeditada á existencia de dotación orzamentaria e á celebración por parte do Concello da Coruña dun contrato de prestación de servizos cunha empresa xestora do mesmo.

A Coruña, 10 de marzo de 2017

Técnica de Educación Xefa de Departamento de Educación Xefe do Servizo de Educación

Ana Judel Prieto

Susana Vara Bilbao

Belisario Sixto San José



Área de Xustiza Social e Coidados
Servizo de Educación

📁 236/2016/82 📄 23610I00QV

ANEXO I

Programa Educativo Municipal “Idiomas do Mundo” 2017

Nome e apelidos da/o participante: _____

Curso: _____ **Centro:** _____

I.- INFORME DE TITORÍA

Puntuar as diferentes características persoais do participante no proceso de selección do programa educativo municipal “Idiomas do Mundo” de acordo co seguinte **baremo**:

Baixa	0 puntos
Media	0,5
Alta	1

As puntuacións deben de ser acordadas pola persoa responsábel da titoría no curso actual tras consultar co resto do equipo docente e coa persoa responsábel do departamento de orientación.

A puntuación do baremo aplicarase ao participante tomando como referencia comparativa as características persoais dos/as compañeiros/as da súa mesma idade.

14

Características Persoais	Puntuación
Madurez persoal e afectiva	
Responsabilidade nos seus dereitos e deberes	
Iniciativa e autonomía	
Carácter aberto, sociábel e tolerante	
Hábitos saudábeis	
TOTAL	

TITORÍA

Selo

Asdo. _____

Data _____



Área de Xustiza Social e Coidados
Servizo de Educación

📁 236/2016/82 📄 23610I00QV

ANEXO I (continuación)

Programa Educativo Municipal “Idiomas do Mundo” 2017

Nome e apelidos do participante: _____

Curso: _____ Centro: _____

II. INFORME DA DIRECCIÓN DO CENTRO

Por cada conduta establecida na pregunta nº 1, se lle baixará 1 punto en relación aos puntos obtidos no apartado 1 deste Anexo.

Por cada conduta establecida na pregunta nº 2, se lle baixarán 2 puntos.

1.- Durante o presente curso, aplicóuselle ao/á alumno/a participante neste proceso algunha corrección por conduta contraria ás normas de convivencia do centro que implicasen suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases ou ao centro por un prazo máximo de tres días?

SI
NON

En caso afirmativo, indicar cantas e explicar brevemente os motivos da/s corrección/s.

2.- Durante o presente curso, aplicóuselle á/ao alumna/o participante neste proceso algunha corrección por conduta gravemente prexudicial para a convivencia do centro que implicasen a instrución dun expediente?

SI
NON

En caso afirmativo, indicar cantas e explicar brevemente os motivos da/s corrección/s.

DIRECCIÓN DO CENTRO

Selo

Asdo. _____

Data _____



Área de Xustiza Social e Coidados
Servizo de Educación

📁 236/2016/82 📄 23610I00QV

ANEXO II

Programa Educativo Municipal “Idiomas do Mundo” 2017

DECLARACIÓN RESONPÁBEL

(A cubrir **unicamente** de se estar a percibir **pensión de alimentos** en virtude de resolución xudicial por separación, divorcio ou nulidade matrimonial, ou adopción de medidas paternofiliais en favor dalgún membro da unidade familiar ou de ter dereito a ela)

D/D.^a _____, provisto/a de documento oficial de identidade _____,

16

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que **resolución máis recente** que establece a pensión de alimentos é de data:

Mes: _____ Ano: _____

Que durante o ano **2015** percibiu a cantidade de _____ euros en concepto de **pensión de alimentos** en favor de membros que integran a unidade familiar.

(A cubrir só no caso falta de aboamento, total ou parcial, da pensión de alimentos durante o ano 2015)

Achega copia da admisión a trámite da demanda de petición de pensión de alimentos, da demanda de execución ou da denuncia formulada como consecuencia da falta de pago da pensión:

- Si

- Non

Cando estea establecida pensión de alimentos, no caso de non achegar copia da admisión a trámite da demanda de execución ou da denuncia, realizarase o cómputo da renda co cómputo íntegro da pensión de alimentos que corresponda.

No caso de non se acreditar a contía que corresponda ou correspondería percibir en concepto de pensión de alimentos non se asignará puntuación no apartado de ingresos económicos familiares.

A Coruña, _____ de abril de 2017.

Asdo. _____